

***GRUPO DE TRABAJO:
CREACIÓN DE CONTIDOS
E TRABAJO COLABORATIVO
CON DRUPAL***

CURSO ACADÉMICO 2009-2010

CEIP FONDO NOIS

ÍNDICE

| | | |
|-----|---|---|
| 1 | TÍTULO: GRUPO DE TRABAJO “CREACIÓN DE CONTIDOS E TRABAJO COLABORATIVO CON DRUPAL. ACTIVIDADES”..... | 3 |
| 2 | XUSTIFICACIÓN | 3 |
| 3 | OBXECTIVOS DE FORMACIÓN E DE REPERCUSIÓN NA PRÁCTICA DOCENTE..... | 3 |
| 4 | PROGRAMA DE CONTIDOS E ACTIVIDADES COA SÚA TEMPORALIZACIÓN | 4 |
| 5 | METODOLOXÍA QUE SE PRETENDE SEGUIR E PROCEDEMENTOS DE TRABAJO PREVISTOS | 5 |
| 6 | ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS | 5 |
| 6.1 | Recursos humanos..... | 5 |
| 6.2 | Recursos materiais..... | 5 |
| 7 | ESTABLECEMENTOS DE CRITERIOS E PROCESOS PARA A AVALIACIÓN DO PROXECTO | 6 |
| 7.1 | CRITERIOS DE AVALIACIÓN:..... | 6 |
| 8 | TEMPORALIZACIÓN..... | 7 |
| 9 | ORZAMENTO | 7 |
| 10 | DECLARACIÓN DE NON PERCIBIR NINGUNHA OUTRA ACHEGA ECONÓMICA..... | 7 |

PROXECTO DE GRUPO DE TRABAJO 2009-2010

1 TÍTULO: GRUPO DE TRABAJO “CREACIÓN DE CONTIDOS E TRABAJO COLABORATIVO CON DRUPAL. ACTIVIDADES”.

2 XUSTIFICACIÓN

Un grupo de mestres cremos que é necesario ampliar os nosos coñecementos no referente aos soportes informáticos para facilitar e mellorar o noso labor docente, pois estes forman parte do día a día do noso alumnado e cada vez máis vense necesarias no noso traballo.

A aplicación das TIC dará lugar a procesos de ensino e de aprendizaxe significativos nos que os alumnos son elementos activos na construción do saber, axudándolles a centrarse nas aprendizaxes, mellorando a súa motivación e o seu interese, promovendo a flexibilidade, a autonomía e estimulando o desenvolvemento de certas habilidades intelectuais tales como o razoamento, a resolución de problemas, a creatividade, a capacidade de aprender a aprender en multitude de contornos, creando e construíndo novos coñecementos segundo o que precisa a sociedade do coñecemento.

Queremos crear un grupo de traballo (GT) para aprender a crear contidos en Drupal e usalo como espazo colaborativo para a comunidade escolar.

Precisamos a presenza de profesionais especializados e con experiencia nas tecnoloxías da información e da comunicación e o asesoramento do persoal responsable do Centro de Formación e Recursos de Lugo.

3 OBXECTIVOS DE FORMACIÓN E DE REPERCUSIÓN NA PRÁCTICA DOCENTE

- Introducir ao profesorado nos coñecementos básicos da creación de contidos en Drupal como ferramenta colaborativa para a organización das diferentes áreas educativas así como o seu uso co alumnado do centro.

- Usar as TIC do centro como medio de creación, integración e potenciación de valores sociais e expresión de ideas, ao mesmo tempo que se atende á diversidade, potenciando o uso de materiais e estratexias que permitan unha aprendizaxe autónoma.

- Introducir ao profesorado na potencialidade do traballo colaborativo con Drupal e as súas implicacións didácticas e na organización docente.

* Coñecer as súas posibilidades multimedia.

* Empregar a páxina web do centro, a súa conexión co computador e co encerado.

- Coñecer as diferentes formas de crear contidos en Drupal así como os seus usos didácticos e programáticos.

- Crear contidos e deseñar actividades para usar co alumnado do centro.

4 PROGRAMA DE CONTIDOS E ACTIVIDADES COA SÚA TEMPORALIZACIÓN

a. Contidos:

Contidos conceptuais:

- As TIC.
- Uso de Internet.
- Acceso e uso da páxina web do centro: Drupal..

Contidos procedementais:

- Coñecemento básico da informática.
- Uso das TIC do centro.
 - Coñecemento da creación de contidos e traballo colaborativo con Drupal e as súas implicacións didácticas e na organización docente.
 - Análise de actividades propostas nas ligazóns útiles das TIC dispoñibles na páxina web do centro.
 - Utilización e creación de espazos colaborativos con Drupal.

Contidos actitudinais:

- Cooperación entre o grupo do profesorado e na actuación co alumnado.
- Mellora da actitude cara a utilización das novas tecnoloxías do centro co alumnado.

b. Actividades:

O grupo de traballo partirá dunha primeira exposición de motivos, filosofía e diferentes contidos así como as ferramentas web e informáticas que poderán ser utilizadas para o desenvolvemento das actividades. Esta introdución será impartida polo coordinador do grupo de traballo co fin de guiar na organización da páxina web feita con Drupal e outras ferramentas adxacentes do proxecto como Coppermine e Moodle, onde tamén se traballará e se desenvolverán e publicarán os contidos e as actividades que se desenvolvan entre os membros do grupo ao longo das diferentes sesións do grupo de traballo.

As actividades dividiranse en diferentes áreas de contido, tendo en conta a estrutura da páxina web de Drupal do centro que resulte das reunións e acordos tomados nas diferentes sesións entre os membros.

As actividades que pretenden potenciar o traballo colaborativo desenvolverase entre os diferentes equipos ou áreas de contido, tendo en conta as diferentes ferramentas web que se decida empregar para a posta en común, como por exemplo a creación de blogues persoais ou de área onde se levará a conta dos acordos, liñas de traballo e diferentes contidos xa vertidos na páxina web.

5 METODOLOXÍA QUE SE PRETENDE SEGUIR E PROCEDEMENTOS DE TRABALLO PREVISTOS

A metodoloxía será activa e participativa a través de debates e discusións para consensuar un plan de acción eficaz, acorde coas necesidades e capacidades de todos os membros do grupo e coas aportacións e ideas que vaian transcorrendo durante as xornadas. Isto complementarase co traballo individual na procura de información e na elaboración e deseño de actividades que integren as novas tecnoloxías.

Ademais procurarase que as actividades que se elaboren sexan postas en práctica xa neste curso dun xeito experimental coa finalidade de poder avaliar a súa eficacia e introducir, cando sexa necesario, as modificacións oportunas.

Guiarémonos polas fases deseñadas neste proxecto co fin de ir tratando paulatinamente todos os puntos.

6 ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

6.1 Recursos humanos

O grupo de traballo dividirase en diferentes áreas de contido, tendo en conta a estrutura da páxina web de Drupal do centro que resulte das reunións e acordos tomados nas diferentes sesións entre os membros. O traballo colaborativo desenvolverase entre os diferentes equipos ou áreas de contido, tendo en conta as diferentes ferramentas web que se decida empregar para a posta en común, como por exemplo a creación de blogues persoais ou de área onde se levará a conta dos acordos, liñas de traballo e diferentes contidos xa vertidos na páxina web.

6.2 Recursos materiais

O centro porá a disposición dos integrantes deste grupo os espazos necesarios para celebrar as reunións, así como o material existente que se requirirá en cada momento.

Ademais disporase da aula de informática para poñer en marcha as actividades e os protocolos que se elaborarán.

A aula conta con 10 computadores conectados á Internet, 1 proxector e 1 EDI (Encerado Dixital Interactivo).

7 ESTABLECEMENTOS DE CRITERIOS E PROCESOS PARA A AVALIACIÓN DO PROXECTO

Pretendemos que a avaliación forme parte natural do desenvolvemento do proxecto.

Será unha avaliación continua, realizando unha valoración en distintos momentos do mesmo: ao inicio, a partir da recollida de expectativas por parte dos asistentes, no seu desenvolvemento e ao remate de xeito sumativo de todos os conceptos.

7.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

| 7.1. Análise e valoración das producións do grupo e da docencia recibida. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|----------|----------|----------|----------|----------|
| A docencia recibida aportou novas ideas e información ao grupo. | | | | | |
| A docencia axustouse as nosas expectativas. | | | | | |
| As producións do grupo acadaron os obxectivos propostos. | | | | | |
| 7.2. Aplicación e repercusión do proxecto na práctica educativa. | | | | | |
| Incidencia do traballo do grupo no labor diario no centro. | | | | | |
| 7.3. Metodoloxía empregada. | | | | | |
| A metodoloxía empregada resultou apropiada tendo en conta a labor realizada. | | | | | |
| 7.4. Grao de satisfacción do grupo de traballo realizado. | | | | | |
| O grupo quedou satisfeito cos resultados obtidos. | | | | | |
| 7.5. Organización dos recursos humanos e materiais. | | | | | |
| A organización levou consigo un bo aproveitamento dos recursos. | | | | | |
| Os recursos empregados, tanto humanos como materiais, foron suficientes. | | | | | |
| Os recursos utilizados foron apropiados e coherentes co que se pretendía. | | | | | |
| 7.6. Reflexións realizadas, logros e incidencia do proxecto no centro. | | | | | |
| O proxecto incidiu favorablemente no día a día do centro. | | | | | |
| O grupo valorou positivamente a repercusión do traballo na comunidade educativa, especialmente no alumnado. | | | | | |
| As reflexións feitas durante a duración do proxecto implicaron un bo desenrolo del. | | | | | |
| 7.7. Propostas de mellora e , no seu caso, de continuidade do traballo. | | | | | |
| Fixéronse suxestións de mellora do traballo a medida que ía transcorrendo o tempo. | | | | | |
| Existencia de motivación e entusiasmo para continuar nunha liña de traballo e seguir así mellorando o centro no referente ás novas tecnoloxías. | | | | | |

- Para que avaliaremos?

A finalidade é valorar e reorientar o traballo do grupo.

- Quen avaliará?

Autoavaliación: avaliación individual.

- Cando se avaliará?

Dependerá da dinámica interna do proceso, pero levarase un seguimento continuo e con carácter prescriptivo realizarase unha Memoria Final.

- Como se avaliará?

Mediante diferentes técnicas como a observación, a reflexión e o análise de tarefas.

- Onde recolleremos a información?

Mediante diferentes instrumentos como guías de observación, cuestionarios, enquisas.

8 TEMPORALIZACIÓN

Este proxecto desenvolverase durante o curso 2009-2010 e terá unha duración de 20 horas.

Dividiremos as sesións por bloques: avaliación inicial sobre o grao dos coñecementos do grupo e expectativas, formación, experimentación práctica, produción de materiais e avaliación.

9 ORZAMENTO

- Material:

10 DECLARACIÓN DE NON PERCIBIR NINGUNHA OUTRA ACHEGA ECONÓMICA

O Grupo de Traballo de CEIP Fondo Nois non percibe ningunha outra achega económica que a que se solicita mediante este documento.

O COORDINADOR

Asdo. _____